Carrizal

ÉPOCA II - Nº 27 setembro/outubro 2024

Observación, defensa, protección, estudo e divulgación do patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués

LUÍS DORADO

POR UN BAIXO MIÑO MÁIS VERDE E MELLOR CONSERVADO
ASOCIACIÓN NATURALISTA BAIXO MIÑO
ANABAM

Carrizal

Época II

Xunta Directiva

Presidente.....Agustín Ferreira Lorenzo

Vicepte.....Salvador Rodríguez Muñoz

Secret....Mª Consuelo González de Dios

Tesoureiro...Manuel A. Pombal Diego

Vogais... Luís Dorado Senra

Noé Ferreira Rodríguez

Araceli Ozores Peixoto

Suplentes

Carlos Angílica Entenza

Silvia Bautista Salgueiriño

EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

CONSELLO EDITORIAL

Manuel A. Pombal Diego

Tomás García-Caballero

EDITA

ANABAM

Calvario-44-baixo

36780-A Guarda (Po)

CONTACTO

Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557

Correo electrónico:

anabam.anabam@gmail.com

WEB: www.anabam.org

Os artigos son responsabilidade de cada autor. ANABAM non comparte necesariamente o seu contido.

CUOTAS ANO 2024

Establécense as seguintes cuotas:

Socio normal: 40 €

Socio familiar:

1º Socio: 40 €

Resto dos socios familiares:

5 € cada un.

Porque a NATUREZA nos necesita, necesitamos de TI

SE NON ERES SOCIA/O DE ANABAM

SUBSCRÍBETE AO

Carrizal

6 números/ano 35 €

Foto portada:

Esporas nun fento

Luis Dorado Senra

DL VG 208-2020

BOLBORETAS DIURNAS DO BAIXO MIÑO (III)

Por **Rafael Estévez**

En capítulos anteriores tratamos temas como o parasitismo, a emerxencia do adulto e a súa reprodución, materias que merecen un capítulo aparte xa sexa pola súa complexidade, pola súa peculiaridade ou porque poden espertar o interese xeral.

En canto ao parasitismo debemos aclarar que o termo correcto de aplicación sería *parasitoidismo*, xa que os parasitos unicamente viven á conta do seu hóspede sen ocasionar necesariamente a morte deste, todo o contrario, aos parasitoides, que si o fan.

O parasitoide é un organismo cuxas larvas se alimentan do seu hóspede; e cando se desenvolven no interior denomínanse endoparasitos, mentres que cando o fan no exterior pasan a ser ectoparasitos.

A gran maioría dos parasitoides son avespas, pero tamén existen moscas, escaravellos, avelaíñas, neurópteros e mesmo unha especie de tricóptero. Estímase que existen ao redor de 800.000 especies a nivel mundial.

As características distintivas dos parasitoides son:

- Ao fin do ciclo vital o hóspede morre (condición que o diferenza doutros tipos de parasitos).

- Cada parasitoide utiliza un só hóspede durante o seu ciclo, o que o diferencia do depredador.

1/ Crisálida de *Charaxes jasius* parasitada por unha mosca taquínida.
2/ Crisálida de *C. jasius* parasitada por outro taquínido.
3/ Avespa parasita do xénero *Apanteles* (Braconidae) parasitoide de moitos lepidópteros.

- En xeral, son moito máis específicos que os depredadores e, a diferenza dos parasitos, poden dispersarse activamente en busca das súas presas, razón pola cal gardan unha gran importancia como axentes de control biolóxico. Hainos de carácter solitario (un parasitoide aliméntase dun só hóspede) e os de natureza gregaria, onde varios (en ocasións centenares) aliméntanse dun só hóspede.

Canibalismo:
Eirugas de *Zyzeeria knyshna.*

Para enmaraña̧r máis esta particularidade, cabe mencionar a existencia doutras condutas como a do superparasitismo, é dicir, cando femias da mesma especie poñen máis dun ovo no mesmo hóspede, o multiparasitismo, cando existe a presenza de dúas ou máis especies de parasitoides nun mesmo hóspede e, por último, cando un parasitoide ataca a outro, estamos diante do hiperparasitismo, podendo existir niveis secundarios deste peculiar comportamento.

Doutra banda, só un reducido número de lepidópteros teñen condutas predadoras ou parasitarias, por estraño que nos pareza existen bolboretas que se nutren de materia animal. Hai eirugas cuxo réxime é aínda mais curioso xa que en determinadas circunstancias chegan a practicar o canibalismo, outras mesmo manteñen relacións especiais con animais de índole moi diferente.

Entre os lepidópteros, o réxime carnívoro é característico entre eirugas dos licénidos, este comportamento adoita presentarse cando escasea o alimento ou cando existe amon-

Crisálida transparente de *Anthocharis cardamines*.

toamento sobre a planta onde se alimentan.

Entre as bolboretas, as formigas e as termitas establécense con frecuencia relaciones con beneficios mutuos. Ás veces estas relacións son moi estreitas, como ocorre, por exemplo, con certos licénidos cuxa mirmecofilia tamén chamada simbiose, estivo no punto de mira de moitos especialistas no pasado.

O exemplo máis destacado é a estreita asociación que os membros do xénero *Phengaris* (antes *Maculinea*) manteñen con formigas da especie *Myrmica*. As eirugas aliméntanse durante os primeiros estadios das flores do tomiño: as maiores adoitan devorar ás máis pequenas e ambas aos individuos en muda. Desde o segundo estadio, estas eirugas desenvolven unha glándula (glándula de Newcomer) que segrega unha especie de melaza azucrada. Esta secreción é moi apreciada polas formigas que desde este momento comezan a visitar frecuentemente, acariñándoas coas súas patas e antenas. Ao comezo do cuarto estadio as eirugas deixan de comer e van na procura dunha formiga que as leve ao seu formigueiro. Máis pronto que tarde, o encontro prodúcese e a eiruga é arrastrada ao formigueiro onde será alimentada regularmente polos seus anfitrións a base de larvas de formiga, invernará dentro do formigueiro e cando chegue a primavera proseguirá alimentándose das novas hóspedes ata crisalidar.

Outros moitos licénidos practican tanto o canibalismo como a mirmecofilia aínda que

Crisálida transparente de *Papilio machaon*.

MIRMECOFILIA

Arriba: eiruga de *Zizeeria knyshna* cunha formiga do xénero *Formica*.

Abaixo: eiruga de *Zizeeria knyshna* e formiga. Obsérvese a glándula anal da eiruga (Glándula de Newcomer) coa cal engana ás formigas.

Emerxencia: macho de *Anthocharis cardamines.*

estas relacións intraespecíficas son moi variables, pero poucas alcanzan unha independencia total sen a necesaria axuda, sendo incapaces de chegar á fase adulta.

Durante a fase ninfal (crisálida) a única relación co medio exterior é un leve intercambio respiratorio a través dos seus estigmas torácicos. Por outra banda, a crisálida nin se alimenta nin excreta ningún residuo; a temperatura é o único que lle afecta, retardando ou acelerando o seu desenvolvemento. Esta independencia respecto ao mundo exterior é case única.

No pasado, existía a crenza que na ninfa producíase unha total destrución dos órganos larvarios e que os do adulto eran reconstruídos co que quedaba. Hoxe sabemos que isto non é así xa que boa parte dos órganos larvarios só precisan pequenos cambios para adaptarse ao organismo adulto.

O paso do estado larvario ao adulto consiste, pois, na substitución progresiva dos órganos da larva polos do adulto final.

Paralelamente a este proceso, poucos días antes da emerxencia, as escamas do adulto comezan a adquirir paulatinamente a coloración futura. Este feito será visible desde o exterior xa que a envoltura da crisálida irá perdendo a súa opacidade para quedar case translucida, podendo así observar a súa morfoloxía ulterior.

Unha vez concluída a transformación, teremos ao adulto ás portas da súa saída ao

Emerxencia: femia de *Vanessa virginiensis.*

Emerxencia: macho de *Charaxes jasius*.



Emerxencia: macho de *Vanessa virginiensis*.

Emerxencia: macho de *Vanessa atalanta*.

exterior. A tarefa que se presenta será ardua e delicada xa que deberá rachar a envoltura ninfal para saír, o que supoñerá un formidable esforzo para o imago.

Baixo a combinación de certos estímulos, o adulto inicia a operación, primeiro envía con forza os seus líquidos corporais á cabeza e tórax co fin de expandir estes e romper así a envoltura pupal. Posteriormente extrae as antenas e as patas das fundas respectivas e con axuda destas últimas aférrase á vexetación onde está suxeita a crisálida. O adulto sitúase de tal forma que as súas ás queden tendidas cara abaixo o que facilita o seu despregamento e secado.

Tras esta tarefa, o adulto consome unha gran cantidade de aire o que aumenta a presión no interior do imago producindo as contraccións musculares que precisa para estender totalmente as ás.

Nas bolboretas, a vista desempeña un papel evidente no descubrimento de lugares idóneos para a reprodución: luz, sombra, temperatura, humidade e recursos alimenticios son fundamentais como tamén o son os cheiros que emiten os machos.

Por esta razón os machos de moitas especies están dotados de órganos destinados a producir e difundir toda clase de perfumes: glándulas especiais produtoras de substancias aromáticas específicas e as escamas que as propagan.

Cópula de *Polyommatus icarus.*

Os ritos nupciais son, xeralmente, moito máis variados do que ata o presente se supuxo. Esta particularidade específica é de importancia vital xa que os axustes intraespecíficos serían nefastos para a supervivencia. A pesar diso, coñecemos a existencia de hibridismo aínda que os nosos coñecementos sobre iso son moi incompletos.

As bolboretas, polo tanto, teñen cada unha os seus propios costumes nupciais, nalgunhas especies as femias permanecen inmóbiles, outras fan vibrar as súas ás entreabertas, outras estenden as súas ás completamente lucindo as súas cores e outras, en cambio, levantan o seu abdome en sinal de rexeitamento.

A cópula real prodúcese cando o macho toma o abdome da femia por medio dos seus órganos xenitais que constan entre outros de valvas e ganchos, inserindo o seu pene no orificio xenital feminino. Os dous sexos permanecen unidos durante varias horas ata finalizar a inseminación. Normalmente durante as cópulas non voan a non ser que se lles moleste, entón unha delas toma a iniciativa e emprende o voo transportando á outra.

Cópula de *Anthocharis cardamines.*

Hyles euphorbiae
(Esfinxe das leiteranas)
Luis Dorado 2023

Figura 1

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

A **esfinxe das leiteranas** (Fig. 1), é unha bolboreta das chamadas coloquialmente nocturnas. Ten unha envergadura alar duns 7 cm. As ás anteriores, son de cor rosada con tres manchas pardo verdosas cara ao bordo exterior e unha única mancha alargada triangular, que vai do bordo interior ao vértice.

Tal e como puidemos comprobar persoalmente, no Baixo Miño presenta dúas xeracións. A primeira na primavera, realizando a posta que dará lugar á segunda xeración, que emerxerá principalmente a partir de setembro. Esta segunda posta dará lugar aos imagos, individuos adultos, na primavera do ano seguinte, permanecendo en estado de crisálida, hibernando, no outono e inverno, enterradas na area da praia. As eirugas (Fig. 2), que son máis doadas de ver que os imagos, podemos atopalas,

Figura 2

Figura 3

Figura 4

Figura 5

Figura 6

en boa cantidade, na praia de Camposancos, sobre todo na zona comprendida entre o Forte e a Lamiña, aínda que tamén no Puntal, sempre sobre a súa planta nutricia, a **leiterana** (***Euphorbia paralias***) (Fig. 3), da que se alimentan.

Os meses de máxima presenza de eirugas son maio e xuño,- os da primeira xeración- e agosto e setembro -os da segunda- coincidindo coa maior densidade de leiteranas, polo que as eirugas disporán de suficiente alimento, pois pasan gran parte do día comendo.

Mais, a pesar da súa abundancia, non é doado darse conta da súa presenza, a non ser que un estea á procura da mesma e saiba da súa existencia. A razón non é outra que a magnífica camuflaxe que presenta (Fig. 4), pasando practicamente desapercibidas para o común dos mortais.

A posta realízase poñendo normalmente un único ovo no envés de cada folla (Fig. 5), mais, ás veces, pode haber máis dun. O ovo é de cor verde brillante. Cando eclosiona, o primeiro que fan as eirugas é comer a cáscara (Fig. 6), polo xeral, de seguido, comezan a alimentarse das pequenas e estreitas follas da leiterana.

As eirugas, a medida que se desenvolven, van mudando a súa cor (Figs. 7A, B, C, D), pasando da cor inicial escura a unha variedade multicolor. Cando a eiruga adquire o tamaño axeitado, chegan a pasar dos 7 cm de lonxitude, baixa ata a superficie do areal e comeza a enterrarse,



non tardando en transformase nunha crisálida (Fig. 8) que tamén cambiará de cor. A crisálida permanecerá enterrada na area durante dous ou tres meses, se é da primeira xeración, ou ata a primavera seguinte, se corresponde á segunda.

O tamaño da cápsula, pode chegar aos 5 cm de lonxitude e 10 mm de ancho, (Fig. 9). Se observamos detidamente esta cápsula, apreciaremos algúns detalles como poden ser os espiráculos que interveñen na respiración; a vaina das antenas; os ollos etc. (Fig. 10).

A duración da transformación da crisálide a imago é moi variable, dependendo das condicións externas. Mantivemos dúas eirugas da segunda xeración en catividade, sempre no exterior, para mantelas nun ambiente o máis natural posible. Utilizamos para iso un recipiente (26x15x15 cm) con dúas partes: unha inferior, opaca e outra superior, coa tapa transparente e con orificios, e os laterais tamén con orificios A tapa non foi colocada ata a transformación das eirugas en crisálidas. Botouse area na parte inferior, aproximadamente 3/4 partes. Subministramos alimento fresco (*Euphorbia paralias*) con normalidade e mantivemos certa humidade na area co fin de que as plantas se mantivesen frescas o maior tempo posible, normalmente catro ou cinco días, antes de cambialas por outras máis recentes (Fig.11). Durante a fase de eiruga, estas non se afastaban das plantas, polo que non houbo necesidade de colocar no recipiente medidas para evitar a súa

Figura 8

Figura 9



Figura 10

fuga. Logo, unha vez transformadas en crisálidas, colocamos a tapa do recipiente para que, co nacemento do imago, este non fuxira. Finalmente levamos os imagos ao mesmo lugar onde recolleramos as eirugas, a praia de Camposancos, no tramo da Lamiña. Fomos tomando notas do proceso desenvolvido durante o cativerio. Unha delas comezou a enterrarse o 06/10/2022, converténdose en crisálida aos poucos días. Emerxeu o 08/06/2023, ou sexa que permaneceu nese estado 8 meses. A segunda delas, converteuse en crisálida unha semana despois emerxendo a finais de xullo de 2023, ou sexa, uns nove meses e medio despois. Por outra banda, neste ano 2024, man-

Figura 11

Figura 12

tivemos en catividade unha eiruga da primeira xeración. Recollémola o 9 de xuño e comezou a súa transformación en crisálida a primeiros de xullo. Emerxen o 21 de agosto, ou sexa, tardou menos de dous meses en transformarse en imago. Como vemos, a duración que precisan as eirugas para transformarse en imagos é moi diferente, segundo sexan dunha ou doutra xeración, e esta diferenza pode ser de máis de 7 meses. Isto sucede debido a varios factores, entre os que atopamos por un lado, a disponibilidade de alimento, as leiteranas van estar suficientemente dispoñibles, en cantidade e en calidade, entre abril e outubro; por outra banda están as condicións climáticas. Entre estas condicións, na primavera e verán, fronte ao outono e inverno, podemos citar a luminosidade do día que é máis ampla, incluso superando as 16 horas de luz, mentres que no inverno, chegan a ser de menos de 8 horas; as temperaturas, superan os 15 graos de media; a humidade do ambiente, non é extrema e as chuvias son menos frecuentes e menos intensas. En consecuencia, as crisálidas entrarán nunha diapausa "invernal", ralentizando o proceso e estendendo a duración da transformación de crisálida a imago ata que as condicións sexan as idóneas.

Unha vez a crisálida cumpriu o tempo, a saída do imago ao exterior prodúcese pola zona correspondente ao abdome (Fig. 9), que se abre lonxitudinalmente, permitindo así que a bolboreta comece a súa nova vida.

Figura 13

A **leiterana** é unha planta psamófila, isto é, adaptada a terreos areosos, que contén un látex de cor branco, moi tóxico e mesmo corrosivo, podendo afectar, a pel humana no caso de ser sensibles a el, chegando a producir ampolas. Nós fixemos a proba (Fig. 12) para comprobar, de xeito persoal, algún posible efecto e temos que dicir que, no noso caso, non tivo efecto algún; no obstante, si hai que ter suma precaución no caso das mucosas e

Figura 14

ollos. As eirugas, polo feito de se alimentar desta planta, resultan tamén perigosas para os posibles depredadores. Comprobamos tamén, que ao coller unha eiruga procede a expulsar un líquido verdoso como defensa (Fig. 13), líquido que, probablemente, conteña algún compoñente da leiterana. Ese potencial perigo que teñen as eirugas, manifféstano de cara aos depredadores amosando as cores rechamantes que teñen, moi contrastadas, sobre todo na parte ventral, coas falsas patas vermellas sobre fondo amarelo (Fig. 14), un xeito de información da súa presumible perigosidade.

Cando as eirugas, sobre todo as de maior tamaño, se atopan nunha leiterana, delatan a súa presenza pola gran cantidade de excrementos, practicamente cilíndricos, de cor negra e con sendas rañuras ao seu redor, que se atopan no chan, case circundando á planta (Figs. 15 e 16).

Figura 15

Figura 16

Lagoa de Caldelas de Tui

O presente artigo corresponde ao traballo de prácticas externas da estudante de Grao da UVIGO, Lucía Soutelo González, desenvolvido entre o 27 de maio e o 5 de xuño de 2024, en ANABAM, baixo a dirección e coordinación de Agustín Ferreira Lorenzo, como seu titor na mencionada asociación.

Por **Lucía Soutelo González**

Introdución

Situada na parroquia de Caldelas, no concello de Tui, a carón do río Miño (42°03'14.8"N 8°34'20.0"W), esta lagoa presenta unha superficie aproximada de 2900 m². Está conectada co río Miño por unha canle duns 70 metros, influenciada polas mareas (Fig. 1), o que fai que o nivel da auga ascenda uns 84 cm en marea alta. O solo é predominantemente areoso, mentres que na canle hai unha mestura de area e cantos rodados.

A simple vista, destaca a abundancia de plantas acuáticas que practicamente cobren toda a lagoa, especialmente en marea baixa. No centro, hai unha pista de kaiak polo. A lagoa está rodeada de vexetación arbórea e herbáceas, creando un contorno natural e diverso.

Figura 1. Estado da lagoa con marea alta (arriba) e marea baixa (abaixo).

Materiais e métodos

Para levar a cabo este estudo utilizáronse diversos materiais:

- Prismáticos para a observación de aves.
- Un metro.
- Un ganapán modificado para que teña os ocos máis pequenos e sexa máis selectivo.
- Un par de recipientes de plástico.
- Unhas pinzas.
- Un caderno de campo para anotar todo o que observemos.

Neste traballo realizouse unha determinación da fauna e flora presente na lagoa, polo que se mostrarranse todas as especies de animais ou plantas que se atoparon no período que durou o estudo. Tamén se clasificaron en autóctonas ou invasoras. As especies vexetais se identificáronse coa axuda da aplicación Plantnet. Calculouse canto ascende a auga da lagoa cando sube a marea, para iso empregáronse 3 paus colocados en diferentes puntos, cando a marea estaba baixa. Unha vez acadou a máxima altitude, retiráronse e medíronse. Tratouse de facer unha cuantificación de macroinvertebrados na canle, empregando o ganapán como se fose unha rede s*urber*, fixéronse 4 medicións cando a marea estaba baixando. Tamén se calculou a porcentaxe de superficie que ocupan as plantas acuáticas na lagoa, para iso colleuse unha imaxe con escala e dividiuse en recadros de 5 x 5 m, posteriormente foise cubrindo coas diferentes especies. Por último, realizáronse os cálculos para determinar a área ocupada.

Resultados

Esta lagoa presenta unha ampla diversidade de especies típicas dun clima atlántico.

Táboa 1. Preséntase a fauna observada e identificada os días dedicados ao estudo.

	Especie	Nome común
Mamíferos	*Neovison vison*	Visón americano
Anfibios	*Pelophylax perezi*	Ra común
Peixes	*Cyprinus carpio*	Carpa común
Aves	*Passer domesticus*	Pardal
	Pica pica	Pega
	Milvus migrans	**Millafre negro**
Insectos	*Erythromma viridulum*	Cabaliño do demo de ollos vermellos
	Crocothemis erythraea	Libélula escarlata
	Apis mellifera	Abella europea
	Vespa velutina	Avespa asiática
Crustáceos	*Procambarus clarkii*	Cangrexo de río americano
Moluscos	*Corbicula fluminea*	Ameixa asiática

Destacamos as **especies autóctonas**, como *Pelophylax perezi* (ra común) que sirve como indicadora da calidade ambiental do ecosistema (MITECO, 2020). *Milvus migrans* (Millafre negro) ten importancia no equilibrio do ecosistema, xa que controla as poboacións de pequenos mamíferos e aves, ademais é un indicador de saúde dos ecosistemas. *Erythromma viridulum* (Cabaliño do demo de ollos vermellos) e *Crocothemis erythraea* (Libélula escarlata) son importantes depredadores de insectos acuáticos, contribuíndo ó control de pragas. Tamén son indicadores da calidade da auga debido á alta sensibilidade das súas larvas fronte á contaminación (Fernández, 2012).

Figura 2. *Procambarus clarkii* (cangrexo de río americano).

Figura 3. *Corbicula fluminea* (ameixa asiática).

Tamén, cabe destacar as **especies alóctonas** como *Vespa velutina* (avespa asiática), *Procambarus clarkii* (cangrexo de río americano; Fig. 2) e *Corbicula fluminea* (ameixa asiática; Fig. 3) que exercen un impacto negativo no ecosistema.

A avespa asiática afecta directamente ao ecosistema xa que é unha das principais especies depredadoras de *Apis mellifera*. O cangrexo de río americano altera o hábitat e compite coas especies nativas, a lagoa presentaba un alto número destes individuos en comparación co resto de especies. *Corbicula fluminea*, pouco presente na lagoa, só se atoparon dous exemplares na canle que une a lagoa co río Miño, esta especie compite polo espazo e recursos cas especies nativas e altera a cadea trófica polo desprazamento de bivalvos autóctonos (MAGRAMA, 2013).

É importante a xestión destas especies para protexer a saúde dos ecosistemas.

Arredor da lagoa atopamos unha ampla diversidade de especies vexetais citadas na táboa 2.

Como **especie autóctona** destacamos *Alnus glutinosa* (amieiro) e *Salix alba* (salgueiro). O amieiro participa na estabilización das ribeiras e na mellora da calidade da auga mediante a fixación de nitróxeno, moi importante para a saúde do ecosistema acuático (MITECO, s.d.). O salgueiro branco prevén as beiras da erosión e proporciona sombra, creando un hábitat ideal para diversas especies acuáticas e terrestres (*Salix alba*, 2022).

Táboa 2. Especies vexetais observadas.

	Especie
Árbores	*Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.
	Salix atrocinerea Brot.
	Quercus robur L.
	Fraxinus angustifolia Vahl
	Laurus nobilis L.
	Salix alba L.
	Populus nigra L.
	Sambucus nigra L.
Plantas trepadoras	*Lonicera periclymenum* L.
	Hedera helix L.
Herbáceas	*Calystegia sepium* (L.) R.Br.
	Bidens frondosa L.
	Xanthium strumarium L.
	Lythrum salicaria L.
Plantas acuáticas	*Ludwigia grandiflora* (Michx.) Greuter & Burdet
	Elodea densa (Planch.) Casp.
	Nymphoides peltata (S. G. Gmel.) Kuntze



Figura 4. Distribución das distintas especies de plantas acuáticas na lagoa, 1 cadrado = 25 m^2.

Estas especies favorecen a estabilidade e a saúde da lagoa e ademais fomentan a diversidade do ecosistema.

As **especies alóctonas** desta categoría teñen unha gran influenza sobre o ecosistema da lagoa, destacamos dúas plantas acuáticas: *Elodea densa* (Fig. 5) e *Ludwigia grandiflora* (Fig. 6).

Os resultados da figura 4 están reflectidos na táboa 3 e no gráfico 1. A lagoa ten en torno a 2925 m^2 de superficie dos cales, o 42 % está ocupado por *Ludwigia grandiflora* (1225 m^2); *Elodea densa* ocupa un 40 % (1175 m^2); *Nymphoides peltata* só está presente nun 1 %. Só un 17 % da superficie non está ocupada por ningunha especie.

Elodea densa está incluída no Catálogo español de especies exóticas invasoras, regulado polo Real Decreto 630/2013. Esta planta acuática ten un impacto ecolóxico significativo xa que a formación de densas capas reduce a luz dispoñible e pode esgotar o osíxeno (MAGRAMA, 2020). Moi presente na lagoa, ocupando unha gran superficie como dicimos máis arriba.

A especie que máis destaca na lagoa pola súa alta densidade é *Ludwigia grandiflora*, chegando a ocupar gran parte da lagoa como se observa na imaxe da figura 4. Estas dúas últimas especies ocupan practicamente a totalidade da lagoa.

Ludwigia grandiflora é unha planta herbácea perenne e rizomatosa, incluída no Catálogo español de especies exóticas invasoras polo Real Decreto 630/2013. Esta especie pode superar o metro de altura, con talos erectos e unha parte aérea de 40-80 cm. Enraíza

	N.º de cadros	m²
Ludwigia grandiflora	49	1225
Elodea densa	47	1175
Nymphoides peltata	1	25
Auga	20	500
Media	117	2925

Táboa 3. Resultado do estudo de superficie ocupada.



Gráfico 1. Porcentaxes aproximadas de superficie ocupada por cada especie

baixo a auga e ten follas lanceoladas dispostas de forma alterna nos talos aéreos. As flores son vistosas, grandes e amarelas, con cinco pétalos, atópanse nas axilas das follas superiores e presentan un curto pedúnculo (Fig. 7). Esta planta aparece nas ribeiras de cursos fluviais en zonas de clima cálido, demostrando unha alta capacidade de adaptación a diferentes ambientes (MITECO, 2024; CMACC, s.d.).

Figura 5. Fotografía de *Elodea densa*.

Figura 6. Fotografía do exemplar completo de *Ludwigia grandiflora*.

Ten unha gran capacidade de colonización e propagación. Forma densas capas en zonas húmidas, que poden alterar significativamente as condicións físico-químicas da auga. Os impactos ambientais son notables: a súa actividade alelopática modifica a calidade da auga durante todo o ano, tamén causan hipoxia severa ou anoxia no verán, e alteran os niveis de sulfatos, nitratos, sulfuros e fosfatos.

A redución da biodiversidade, o sombreado da vexetación mergullada, e a exclusión das macrófitas acuáticas nativas son algúns dos efectos negativos que provocan. Ademais, os densos tapices que crea favorecen a proliferación de mosquitos. A planta prefire zonas abertas e sen cobertura arbórea nas marxes da zona húmida (MITECO, 2024; CMACC, s.f.).

Tamén temos que destacar a presencia de *Nymphoides peltata* (Fig. 8). Na lagoa, non se atoparon máis de 10 exemplares, visibles só con marea baixa. A presenza de *Ludwigia grandiflora* tivo un papel importante na diminución desta especie da lagoa, xa que compite con ela polo espazo e recursos.

Esta planta acuática é unha especie en perigo de extinción, presenta follas flotantes e flores amarelas, e pode enraizar a profundidades superiores a 1 metro. As poboacións galegas desta especie, localiza-

Figura 7. Fotografía de *Ludwigia grandiflora*.

Figura 8. Fotografía de *Nymphoides peltata*.

das no Alto e Baixo Miño, dentro da Rede Natura 2000, están en risco debido á presión antrópica no Alto Miño e o acondicionamento das marxes fluviais e a construción de paseos fluviais no Baixo Miño que ameazan a súa existencia. A planta é sensible a

Figura 9. Punto de unión entre o río Miño e a canle que comunica coa lagoa.

Figura 10. Paso de sendeirismo que cruza a canle que une a lagoa co río.

cambios no seu hábitat, pero non se coñece o impacto específico da polución sobre ela (Bañares *et al*., 2004; CMACC, s.d.).

No entorno próximo á lagoa, o río Miño está conectado a través dunha canle (Fig. 9). Nesta canle, tamén se atopa un paso de sendeirismo (figura 10). En paralelo á lagoa hai unha praia fluvial, facendo máis frecuente as rozas na vexetación en gran parte da zona, o que afecta aos arredores da lagoa e pode influír na destrución de especies como *Nymphoides peltata*. Unha das principais modificacións que pode sufrir a lagoa é debido á actividade humana. No centro da lagoa, hai unha pista de kaiak-polo, que actualmente non se usa debido á alta densidade de algas que impide o seu funcionamento. A poucos

metros da lagoa, hai un establecemento que, xunto coa praia fluvial, fomenta a visita de persoas.

Bibliografía:

Bañares Á., Blanca G., Güemes J., Moreno J.C. & Ortiz S. (eds.). 2004. *Atlas y Libro Rojo de la Flora Vascular Amenazada de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza. Madrid, 1.069 pp.

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Xunta de Galicia (s.d.). Flora en perigo de extinción. *Nymphoides peltata*.

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Xunta de Galicia (s.d.). Flora exótica invasora. *Ludwigia grandiflora*.

Fernández, R.L. 2012. Los macroinvertebrados acuáticos como indicadores del estado ecológico de los ríos. *Páginas de información ambiental*, 39: 24-29.

Google. 2024. Lagoa de Caldelas, Galicia [Mapa]. https://maps.app.goo.gl/BBX1paRhZjDGLFik9

Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. 2013. *Catálogo español de especies exóticas invasoras*. *Corbicula fluminea*.

Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. 2020. *Catálogo español de especies exóticas invasoras*. *Egeria densa*.

Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. 2020. Boletín de la Red de Parques Nacionales Nº 64. *Conservación y seguimiento de anfibios en la red de parques nacionales: Adaptándonos al cambio*.

Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. 2024. *Catálogo español de especies exóticas invasoras*. *Ludwigia spp.*

Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Parque nacional de Monfragüe. *Aliso (Alnus glutinosa).*

Pereira, J. (2021). Salicaria / Arroyuela / Frailecillo. Parque Forestal de Santiago. https://www.parqueforestaldesantiago.org/es/salicaria-arroyuela-frailecillo/

Salix alba (2022). Revista sobre la restauración del paisaje y medioambiente. https://www.restauracionpaisajistica.com/salix-alba-sauce-blanco/

Figura 11. Vista aérea da lagoa (Foto Google Earth)

Reportaxe extraída da páxina web do CONCELLO DE TOMIÑO
https://tomino.gal/as-portaxes/

O monte Tetón, situado na parroquia tomiñesa de Tebra, ten un dos conxuntos de arte rupestre máis importantes do sur de Europa, no que se atopan preto de 200 gravados en rochas da época do Calcolítico – Idade de Bronce (2500 – 900 a. C). É arredor destes xacementos onde nace o Ecoparque Arqueolóxico Monte Tetón, un espazo cultural e lúdico creado polo Concello de Tomiño en colaboración coa Comunidade de Montes de Sta. M.ª de Tebra que procura a posta en valor do patrimonio natural e arqueolóxico da zona. Un enclave único no que as persoas visitantes poden gozar de retazos de historia a través de espléndidos petróglifos e facelo nunha contorna paisaxística inigualable.

Aínda que a maior concentración en Galicia destes gravados prehistóricos atópase ao longo do curso do río Lérez e nas marxes das Rías Baixas, o Monte Tetón acolle nas súas ladeiras un dos conxuntos de petróglifos máis significativos e importantes do suroeste da comunidade, os de As Portaxes e Real Seco.

Formado por 18 círculos e cun diámetro de case 2,5 m, o **petróglifo das Portaxes** é considerado como a segunda combinación circular máis grande de Europa. Este afloramento granítico é o que presenta unha maior cantidade de gravados, de entre os que destacan as combinacións circulares, grupos de cazoletas, formas cuadrangulares, escenas de monta ou figuras humanas.



Ao seu carón atópase o **petróglifo de Real Seco**, posiblemente o labirinto circular máis grande do continente europeo coa súa impresionante formación de aneis concéntricos de 3,50 m de diámetro máximo, aínda que moi gastado polo paso do tempo e pouco visible.

ZONA SUR

Estamos diante das maiores superficies gravadas do noroeste peninsular, nas que hai varios centos de figuras, a inmensa maioría encadrables como arte abstracta ou xeométrica, xa que percibimos a súa forma pero non as asimilamos a ningún obxecto, ser animado ou idea que coñezamos. Así temos coviñas (puntos), liñas, combinacións circulares, cadrados e rectángulos etc…

En moita menor cantidade hai mostras de arte figurada ou naturalista. Podemos ver unha ampla colección de antropomorfos ou de figuras de homes gravadas con distintos estilos e que conecta a nosa arte rupestre en pedra co conxunto esquemático pintado do resto da Península Ibérica. A riqueza deste gran petróglifo aumenta ao observarmos a variedade faunística que abrangue polo menos dous équidos, con xinete, cánidos e cérvidos.

Neste sector do petróglifo destaca a xigante combinación circular de 2,5 m de diámetro que coroa a parte central e máis alta de toda a composición, gravada cuns sucos anchos e profundos cun afán consciente de perdurabilidade no tempo. Arredor desta combinación é

onde aparecen équidos, cánidos e, na parte media da laxe, un cérvido cunhas cornas sobredimensionadas e arrodeado por cánidos configurando unha escena de caza. Nesta parte hai un bo conxunto de antropomorfos moi esquemáticos.

ZONA NORTE

A zona máis próxima é un conxunto tematicamente compacto de motivos abstractos nos que abundan os círculos simples con ou sen coviñas no seu interior e liñas que unen algúns deles.

Pero a parte que máis chama a atención está na zona central aproveitando as dúas caras dun lombo. Pola vertente norte aparece un équido executado con dobre trazo, o que lle dá máis volume ao animal, montado por un xinete armado na súa man esquerda. Aos seus pés hai un pequeno muíño navicular de soporte fixo e coroando a protuberancia hai círculos concéntricos moi profundos, grupos ordenados de coviñas e un tetrasquel dentro dun círculo con catro liñas paralelas no seu exterior.

Na vertente sur destaca un antropomorfo gravado con moitísimo detalle con cara, tronco, pernas, pés, un interesantísimo escudo oblongo na man esquerda, o brazo dereito erguido e a man aberta coa indicación dos cinco dedos. Ademais, este brazo está superposto a un antropomorfo anterior, máis pequeno e doutra tipoloxía que abunda neste petróglifo e que ten os brazos en arco cara arriba, as pernas tamén en arco e cara abaixo, todo completado cun longuísimo apéndice entre as pernas.



É unha rocha moi fisurada na que hai insculturada unha combinación circular xigante duns 3 m de diámetros, pero incompleta.

ZONA LESTE

Non é moi frecuente que as combinacións circulares, as coviñas e outros motivos abstractos estean en rochas tan inclinadas.

Nesta cara orientada ao nacente aparecen as coviñas dispostas de maneiras moi variadas e aínda sendo o motivo máis simple que se pode gravar, un simple punto, a combinación de varias delas faino un motivo esteticamente agradable, belo.

Debaixo da gran combinación circular hai longas liñas de coviñas. Non obstante, nesta zona oriental achámolas agrupadas ordeadamente formando cadrados ou rectángulos, varias veces dentro de cadrados e rectángulos concéntricos, figuras escasísimas na arte rupestre atlántica. Témolas tamén contidas dentro de círculos e aparecen nalgún caso formando o anel dunha combinación circular, é dicir que a circunferencia no canto de ser unha liña continua é unha liña de puntos coa mesma intención e maior beleza.

A zona está enriquecida pola presenza de varios muíños naviculares de soporte fixo e pequeno tamaño dos que non sabemos a súa utilidade. Estamos no ámbito xeográfico de aparición destes artefactos de soporte fixo, de maior tamaño e con arte na contorna ou na propia rocha, zona que vai do norte de Portugal ao Morrazo e até a altura das Neves polo leste.

Este sector complétase coa presenza de antropomorfos de brazos e pernas en arco cun longo apéndice entre estas.

O REAL SECO

Este petróglifo do Real Seco está situado a 390 m de altitude e ten un amplo abano vi-



sual dende o que podemos ollar cara o sur ao inmediato Val de Tebra e a todo o concello de Tomiño, co Miño e Portugal ao fondo.

Se miramos cara ao oeste, de norte a sur é o fío da Serra da Groba, que continúa na Serra do Argalo, un conxunto orográfico con riqueza arqueolóxica (petróglifos, mámoas, asentamentos, minas de ouro…) e etnográfica (curros, burras do monte, foxos de lobo, casetas forestais…).

Na superficie horizontal que temos diante de nós hai motivos gravados que se perciben con dificultade. É unha rocha moi diaclasada e fisurada na que hai insculturada unha combinación circular xigante, duns 3 m de diámetro, aínda maior ca das Portaxes (2,5 m), pero incompleta.

Ao sur dela hai varias combinacións circulares de distintos tamaños, unidas ou non por raias, e hai grupos de pequenas coviñas dentro de circos, nun caso dentro dun cadrado. O menos gravado de todos foi reconstruído grazas ás novas técnicas dixitais 3D e nel hai polo menos tres cuadrúpedes, case imperceptibles, tamén ao sur da gran combinación.

A tipoloxía dos animais é moi semellante á das Portaxes. Son individuos moi esquemáticos, executados cunha liña cérvico-dorsal que define cola, lombo, pescozo, fociño e con dous apéndices para as orellas. Cara abaixo parten outras catro liñas que sinalan as extremidades.

Estamos no ámbito xeográfico do dominio presencial dos équidos, entre a ría de Vigo e o río Lima.

A POBOACIÓN DO BAIXO MIÑO (I)

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

É ben sabido que a poboación dun concello ou dunha bisbarra vai influír notablemente no entorno natural de moitas maneiras, entre elas modificando o entorno a través das súas actuacións destinadas, fundamentalmente, a satisfacer as súas propias necesidades, ou a crear necesidades ficticias, enfocadas tanto á propia supervivencia como ao lecer ou ao agrado. Por iso consideramos que coñecer como está conformada a poboación dunha determinada área, pode ser de interese para comprender, ás veces, por que se levan a cabo accións dun ou doutro tipo.

Para achegarnos a ese coñecemento da poboación irémonos mergullando nos datos oficiais da administración sexa local, autonómica ou estatal. Comezamos, deste xeito, cos datos publicados polo INE a 1 de xaneiro de 2023, que nos permite coñecer a cuantificación da poboación que habita a comarca do Baixo Miño a través dos habitantes que conforman cada un dos cinco concellos.

Número de habitantes por concello

O concello con maior poboación é **Tui**, con 17.327 habitantes, seguido de **Tomiño** con 13.836 habitantes, **A Guarda** 9.998 habitantes, **O Rosal,** 6.431 habitantes e **Oia**, 3.104 habitantes.

Crecemento/Decrecemento da poboación por concello

Os concellos onde creceu a poboación no ano 2023, con respecto ao ano 2022 foron **Oia**,

con 24 habitantes máis, e **Tomiño** con 57 habitantes máis. Pola contra, **A Guarda** diminuíu en 15 habitantes, **O Rosal**, diminuíu en 19 habitantes e **Tui**, diminuíu en 48 habitantes.

Densidade de poboación por concello

A Guarda é o municipio que ten máis habitantes por Km^2, e Oia o que menos. Os datos van a seguir:

A Guarda: 487,62 hab/Km^2; **Tui:** 253,62 hab/Km^2**; O Rosal**: 145,74 hab/Km^2; **Tomiño:** 129,79 hab/Km^2; **Oia:** 37,27 hab/Km^2.

Máximo e mínimo da poboación por concello

A máxima poboación que tivo **A Guarda** no século XX foi no ano 1995, con 10.504 hab.; a mínima poboación dese século corresponde ao ano 1900, con 6.001 hab. No que levamos do século XXI, a máxima poboación guardesa conseguiuse no ano 2011, con 10.484 hab., e a mínima no 2001, con 9.936 hab.

A máxima de **Oia** no s. XX corresponde ao ano 1999, con 2.957 hab., mentres que a mínima foi no ano1920, con 2.594 hab. Xa, no s. XXI, Oia acadaría a poboación máxima de 3.227 hab. no ano 2009, mentres que a poboación mínima no que vai de século foi correspondeu ao ano 2003, con 2.903 hab.

A máxima do **Rosal**, no pasado século XX foi no ano 1990, con 6.089 hab. E a mínima, nese mesmo século no 1900, con 5.162 hab. Se nos trasladamos a este século, a poboación máxima acadouse no ano 2011, con 6.613 hab., e a mínima no 2000 con 5.846 hab.

No ano 1989, **Tomiño** acadaría a maior poboación do s. XX, con 11.089 hab., men-



tres que o número máis baixo foi no ano 1960 con 9.817. Se pasamos a este s. XXI, a maior poboación foi no ano 2013, con 13.836 hab., acadando a cifra máis baixa do citado século no ano 2000, con 10.901 hab.

Finalmente, **Tui** tivo, no século XX, unha poboación máxima de 16.319 hab. no ano 1988, correspondendo a poboación máis baixa ao ano 1900 con 11.113 hab. En cambio neste s. XXI, a maior poboación tudense correspondeu ao ano 2021, con 17.398 hab., mentres que no ano 2.000, a súa poboación era de só 15.939 hab.

Poboación estranxeira en cada concello, a 1 de xaneiro de 2022

A Guarda contaba con 515 persoas estranxeiras, das que 285 eran homes e 230 mulleres



(55 homes máis). **Oia**, tiña 100 persoas, das que 41 eran homes e 59 mulleres (18 mulleres máis). **O Rosal**, 172, correspondendo 75 a homes e 97 mulleres (22 mulleres máis). **Tomiño**, 578, con 305 homes e 273 mulleres (32 homes máis). **Tui**, 1.067, das que 590 eran homes e 477 mulleres (113 homes máis).

En Oia e O Rosal, os dous concellos rurais, vemos que o número de mulleres estranxeiras superan ao dos homes.





COUSAS DE ANABAM

VISITA GUIADA Á FLORA DUNAR

O domingo 21 de xullo, levamos a cabo un routeiro pola flora dunar da praia de Camposancos organizado polo Concello guardés e ANABAM. Os asistentes foron agasallados cunha bolsa de tea, por parte do Concello da Guarda, e cunha guía das principais plantas con flores da zona visitada, por parte de ANABAM.

AVESPAS ESCAVADORAS

Ata o de agora, en ANABAM tiñamos rexistradas dúas zonas con presenza de avespas escavadoras do xénero *Bembix*, ámbalas dúas a carón da praia de Camposancos. Pero o 24 de xullo recibimos unha chamada de Fabián González (GES da Guarda) na que nos informaba que uns usuarios dun parque guardés (zona de Fedorento) observaron unha gran cantidade de avespas nel. Ditos usuarios procederon a dar aviso ao concello guardés por temor a algunha picadura. Dende ese concello informaron ao GES para unha posible actuación de erradicación das avespas. Por sorte, Fabián lera uns días antes no *Facebook* que as avespas escavadoras non representaban perigo algún, así que antes de actuar, púxose en contacto con nós para ver se tiñan que actuar ou non. De seguido desprazámonos ata o parque en cuestión co fin de identificar a especie, comprobando que se trataba da avespa "*Bembix oculata*". Estas avespas non representan perigo algún, polo que non fixo falta tomar ningunha medida ao respecto e as avespas puideron seguir desenvolvendo a súa vida de xeito normal.

REMATE DA CAMPAÑA 2024 DO PROXECTO "LARUS"

O 31 de xullo demos por finalizado o "*Proxecto Larus-2024*" consistente no seguimento da reprodución da gaivota patiamarela ("*Larus michahellis*") na vila guardesa, unha actividade que desenvolvemos dende o ano 2010. As observacións realizadas confirman que as parellas reprodutoras na Guarda mantéñense estables ao longo destes anos.

Probablemente ANABAM sexa a única entidade que fai un seguimento diario, durante catro meses seguidos, da nidificación desta especie na Iberia.

Os datos recollidos da campaña deste ano esperamos poder divulgalos no vindeiro número do CARRIZAL, unha vez se proceda ao seu análise.

BORRELHO-DE-COLEIRA-INTERROMPIDA (PÍLLARA DAS DUNAS) ANELADO NO "PROJETO BORRELHO"

As colegas do CMIA-Viana do Castelo, enviáronnos información dos datos observados no anel que portaba un dos borrelhos que se atopaban na praia do Bucho (Viana do Castelo). Enviamos estes datos aos nosos aneladores oficiais, Jose Arcas e Marta Robles, comunicándonos que se trataba dun macho anelado na campaña do Projeto Borrelho do ano 2022, concretamente fora anelado na praia de Afife o 25/06 dese ano cando era aínda un polo. Agora xa é un paxaro adulto e con descendencia, pois estaba acompañado por dúas crías, atopándose a 4,5 km do lugar de nacemento onde fora anelado. O observador foi Marco Fachada.

PRIMEIRO REXISTRO DA MARGARIDA DO CABO

A margarida do Cabo ou margarida sudafricana (*Dimorphotheca fruticosa*) é unha planta que se utiliza como ornamental nun bo número de xardíns. Tal e como indica o seu nome, popular, procede da costa sudafricana. En ANABAM ata o de agora no a tiñamos rexistrada como asilvestrada, pero nun dos nosos percorridos pola costa guardesa (06/09/2023), chamounos a atención a presenza desta planta, en estado silvestre, concretamente na costa norte, onde ocupa unha superficie duns 10 metros cadrados (Agustín Ferreira). Florece na primavera e verán, mais observamos que aínda tiña un bo número de flores. Tamén que servía de refuxio a numerosas e pequenas bolboretas nocturnas. Tomamos esta observación como o primeiro rexistro coñecido por ANABAM no Baixo Miño.

LABORES DE MANTEMENTO DA MAPOULA MARIÑA

No mes de agosto do ano 2021 conseguimos salvar os únicos exemplares de mapoula mariña presentes na costa da Guarda. Ata o ano 2015, podían verse varias matas desta especie en diferentes lugares do tramo costeiro guardés, pero as continuas rozas por parte do Concello, levaron a que esta especie practicamente desaparecera do municipio. ANABAM, dende ese ano, ven realizando periódicas labores de mantemento da cativa parceliña onde conseguen sobrevivir e reproducirse tres ou catro pés. Por outra banda, tamén tratamos de favorecer e dispersar esa reprodución na zona, polo que esparexemos miles de sementes por toda a costa, pero ata agora sen éxito. Imos dar un paso máis e trataremos de reproducila en macetas para, se hai éxito, transplantar os plantóns a diferentes puntos da costa.

Rematamos o mes realizando labores de mantemento na pequena parceliña que se creou para preservar os únicos exemplares que hai na costa guardesa.

CONVENIO COAS UNIVERSIDADES GALEGA

Un ano máis asinamos convenio de prácticas para alumnos da UVIGO, na rama de Bioloxía, para que os alumnos desa Universidade que o desexen, poidan realizar as súas prácticas externas en ANABAM. Nesta ocasión, por parte da nosa entidade, o convenio foi asinado polo tesoureiro da asociación, Manuel A, Pombal Diego.

A sinatura deste convenio era imprescindible para que unha alumna que desexaba realizar as prácticas con nós, puidera facelo, como de feito así foi.

Neste senso temos que recordar que temos asinado un convenio coas tres Universidades galegas (Santiago, A Coruña e Vigo) para que os alumnos de Máster que o desexen, tamén poidan realizar as prácticas na nosa asociación.

ESTRUTURAS PARA OS NIÑOS DA AGUIA PEIXEIRA

Consisten en dous soportes de aluminio, forma redonda, que serán colocados no vértice de sendos postes de madeira, tipo telefónica, tratados en autoclave, que terán unha altura duns seis metros. En cada unha destas estruturas colocarase un trenzado de cordas que o noso compañeiro "Peque" (na imaxe) confeccionou con corda reciclada, recuperada da costa, procedente das artes de pesca e polo tanto moi resistentes.

Os postes, serán colocados en dous puntos da marisma de Salcidos, para o que xa contamos, dende hai tempo, cos respectivos permisos da Comunidade de Montes de Salcidos, Consellería de Medio Ambiente e do Servizo Provincial de Costas.

É un proxecto pioneiro en Galicia e baseado noutros proxectos similares que xa hai nalgunhas marismas do estado español.

De ter éxito e ser ocupados polas aguias, marcaría un fito tanto para o Esteiro do Miño como para Galicia e norte de Portugal, xa que non hai datos de que nalgún momento a aguia peixeira aniñara na comunidade galega. Como sabemos, dende hai un par de décadas, esta especie converteuse en visitante asiduo neste recuncho peninsular, onde permanece case que todo o ano.

SAÍDAS AO CAMPO EN XULLO E AGOSTO

Nos dous últimos meses levamos a cabo as seguintes actividades de campo. O 6 de xullo desprazámonos ao monte da Valga (Oia) para recoller información de campo. O 18 de xullo, o presidente de ANABAM reúnese co presidente da Comunidade de Montes de Camposancos, Fernando Martínez, na zona de Chans (monte Trega) para ver os traballos iniciais da transformación do estanque nun lugar destinado aos anfibios. O 27 de xullo visitamos os fentos arbóreos (*Dicksonia antarctica*) no regato Vilar (Oia) co fin de comprobar a situación na que se atopaban logo dun par de anos sen ternos achegado ata eles. O 17 de agosto, logo de manter unha pequena reunión no local de ANABAM, desprazámonos ata a marisma de Salcidos (A Xunqueira) para ver o estado no que se atopa o terreo onde se van colocar os niños artificiais da aguia peixeira. Xa o 31 de agosto, fixemos labores de mantemento do lugar no que se atopa a mapoula mariña e, a continuación, visitamos a charca realizada (proposta por ANABAM) pola Comunidade de Montes de Salcidos, no terreo próximo á casa forestal.

RESCATE DE FAUNA SILVESTRE

Ao longo dos meses de xullo e agosto recibimos varias chamadas de particulares para informarnos sobre diversas gaivotas que se atopaban feridas, no interior de patios de luces ou que andaban polas rúas e non voaban por ser polos. De todas elas fixémonos cargo. As gaivotas feridas foron entregadas aos axentes de M.A. para o seu traslado ao Centro de Recuperación de fauna en Cotobade. As que caeran nos patios de luces foron liberadas na rúa próxima e os polos levados á finca onde se lles subministrou alimento e auga ata que decidiron emprender o voo. O resume desta actividade vai a seguir:

Gaivotas feridas: 5, un polo e 4 adultas.

Gaivotas liberadas dos patios de luces: 6.

Polos recollidos e alimentados: 10

APUNTES DA NOSA HISTORIA

OBSERVACIÓN DE ANFIBIOS

LA VOZ DE GALICIA: 20-2-97

Los alumnos tuvieron la oportunidad de experimentar tan singular experiencia a la vez de conocer toda clase de anfibios

Maestros y alumnos de institutos participaron en esta singular experiencia

Ecologistas guardeses crean una ruta para conocer los anfibios del Baixo Miño

Tal como estaba previsto, el fin de semana pasado, partía de la sede de Anabam (Asociación Naturalista do Baixo Miño), en el municipio costero de A Guarda, una expedición integrada por expertos, aficionados y docentes con un objetivo muy particular: ver y conocer los anfibios del lugar. La zona de A Valga fue el enclave de excepción escogido por los organizadores para efectuar el recorrido. Maestros y profesores de varios colegios e institutos de Vigo y la comarca participaron en la singular experiencia.

A GUARDA. C.ALBARENGA
Corresponsal de La Voz de Galicia

El recorrido, denominado «Observación de anfibios en su hábitat», se llevó a cabo dentro del programa de divulgación de la naturaleza que promueve la asociación.

Los estudios efectuados para redactar el Atlas de Vertebrados do Baixo Miño, editado por el grupo ecologista, dieron como resultado la catalogación de, al menos, doce especies diferentes de anfibios.

La visita, realizada en uno de los enclaves herpetológicos más interesantes de Galicia, permitió observar en varias estaciones, tritones, que se encuentran ahora en fase de reproducción, o «salamdras colilargas», un endemismo gallego con la existencia amenazada por los cambios que se están produciendo en los cursos de agua en los que vive. Los visitantes, de Vigo, Salceda, Nigrán, Tomiño y A Guarda, lograron distinguir, además, ranas (verdes y patilargas); salamandras comunes; sapos (común y partero). Tras superar un primer recelo, los maestros pudieron sentir a través del tacto la suavidad de la piel de un tritón, u observar el tamaño de una larva de sapo.

Entre los participantes, se encontraban el presidente de Anabam, Agustín Ferreira y otros miembros o colaboradores, que estuvieron encantados de mostrar a los «novatos» los secretos de la naturaleza.

El presidente del grupo ecologista de Anabam calificó la experiencia de «muy positiva», dado el entusiasmo demostrado por los participantes, así como por el buen desarrollo de la jornada. «Esta actividad nos permite un acercamiento al entorno y a su protección», subrayó.

Unha das actividades desenvolvidas no ano 1997 foi a denominada: "**Observación de anfibios no seu hábitat**", destinada a grandes e pequenos que tiveran interese en participar e, sobre todo, en coñecer estes vertebrados da nosa fauna. Para desenvolver con éxito a actividade, eliximos un dos enclaves do Baixo Miño máis ricos e diversos en canto á fauna ligada aos ecosistemas acuáticos, como son os humedais. Foi, precisamente, un dos dous humedais máis interesantes da comarca do Baixo Miño, como é A Valga, no concello de Oia. Trátase dun enclave que alberga todas as especies de anfibios que podemos atopar no Baixo Miño, tal e como se reflicte no "*Atlas de anfibios do Baixo Miño"* elaborado por ANABAM, nun traballo de campo, que se desenvolveu ao longo de 5 anos, dende 1987 ao 1992; nel aparecen un total de 12 anfibios, dos que 7 son anuros, isto é, anfibios sen cola, e 5 urodelos, ou anfibios con cola. Tal e como reflectía naquel entón a corresponsal de "*La Voz de Galicia*", nesta actividade participaron profesores e alumnos de distintos colexios, tanto da comarca como de fóra dela, ademais de público en xeral procedente de Vigo e Salceda. A experiencia resultou todo un éxito, sobre todo vendo o interese posto de manifesto polos participantes.

Esta foi unha das tantas actividades divulgativas desenvolvidas polos membros de ANABAM ao longo da súa existencia para dar a coñecer directamente tanto a riqueza faunística como botánica da contorna baixomiñota.

ÍNDICE

3.- Bolboretas diúrnas do Baixo Miño (III) por Rafael Estévez.

12.- ***Hyles euphorbiae* (Esfinxe das leiteranas),** por Agustín Ferreira L.

20.- **Lagoa de Caldelas de Tui**, por Lucía Soutelo González.

29.- **Monte Tetón**, reportaxe extraída da páxina web do Concello de Tomiño.

34.- **A poboación do Baixo Miño (I)**, por Agustín Ferreira Lorenzo.

38.- **Cousas de ANABAM**:

- Visita guiada á flora dunar (38).
- Avespas escavadoras (38).
- Remate da campaña 2024 do Proxecto "Larus" (39).
- Borrelho-de-coleira-interrompida (píllara das dunas) anelado no "Projeto Borrelho" (39).
- Primeiro rexistro da margarida do Cabo (40).
- Labores mantemento da mapoula mariña (40).
- Convenio coas universidades galegas (41).
- Estruturas para os niños de aguia peixeira (41).
- Saídas ao campo en xullo e agosto (42).
- Rescate de fauna silvestre (42).

43.– **Apuntes da nosa historia "Observación de anfibios"**

PRÓXIMAS ACTIVIDADES PREVISTAS

- 14/09/2024: V mostra asociativa na Guarda, organizada polo concello desa localidade.
- Colocación de dous niños artificiais na marisma de Salcidos. (Pendente de data).
- Saídas ao campo, sábados pola tarde.
- Últimos sábados de cada mes. Censo de aves acuáticas.
- Recollida de fauna silvestre ferida ou con problemas.
- Rexistro de mamíferos mariños varados.
- Rexistro de fauna silvestre atropelada.

10 €

PUBLICACIÓNS Á VENDA

AS PERSOAS SOCIAS DE ANABAM RECÍBENAS GRATUITAMENTE



15 €

10 €